Curso 20/21

Osnda Paula

REVISTA CURSO 20/21
IES SAN ROSENDO

Índice

Editorial 1
O bosque comestible na granxa do IES San Rosendo 2
Visita ó cemiterio vello de Mondoñedo 4
Pluribac This Year 2020-21 6
Adverts, book recomendations, love poems and friends 10
When I See Your Face 12
The end of two years in Mondoñedo 13
Cómic. O curioso incidente do can 14
Cómic. Iguais e diversas 16
Persoas iguais, pero diversas 20
En relixión 21
Libro de receitas 22
A fuxida da peixería 24
A carreira da selva 27
O asasinato mindoniense 30
Regueifa 31
Botellones y culpas en Madrid 32
O club de ciencias 33
Economistas na onda 34
Redeseñando mundos 36
As rapazas nas TIC 37
Carpetas viaxeiras 38
Alumnado de PT 39
En castelán 39
Xela Arias 40
O son da Paula 42
A Educación Fisica en tempos Covid 43
Exposición Amar a mar 44
Relatos derivas 45
Cousas da casa 46
Un cariño para Luz.... E para Cris 49
Fotos grupos 50
Despedida segundo de Bac (Fotos e discurso) 58
Premio Voz Natura 61
Arte floral San Rosendo de Mondoñedo 62

Editada polo alumnado de 1º Bac de TIC
Portada: Laura Fernández Quintas
Contraportada: ELisabeth e Nathalia

EDITORIAL

Levar este curso a bo porto, e practicamente sen incidencias, non foi doado, abofé. Tratouse dun labor do conxunto. Grazas á comunidade educativa e ás familias por axudarmos na ardua tarefa de concienciar á rapazada da importancia de cumprir as normas, os novos protocolos.

Grazas tamén, por suposto, ao alumnado polo seu comportamento exemplar, na maior parte das ocasións, por ser conscientes da importancia de coidarse para coidar dos seus.

Grazas ao profesorado pola súa colaboración en todo o preciso para que o instituto de Mondoñedo siga a ser referente no bo nivel e no bo facer; e grazas especialmente ao equipo Covid pola súa entrega organizando, medindo e sinalizando o centro para facilitar o acomodo á nova situación.

Grazas ao persoal de limpeza, e en especial a Rosario, que disfruta xa dunha máis que merecida xubilación, polo seu empeño no traballo, que conseguiu que nos sentiramos un chisquiño máis seguros. E grazas ao persoal non docente pola súa colaboración, sempre disposto a axudar no bo funcionamento do centro. Mención especial a Sonia pola súa implicación para que a parte administrativa flúa sen problemas. E grazas a Sonia Cabanas e ao seu inxenio do "carriño-cafetería" para que non nos quedaramos sen alimento nos recreos.

Foi un ano duro, difícil e complicado, como nunca. Partimos co natural medo ao que puidera pasar, coa lembranza do duro confinamento moi presente. Porén, o ser humano ten un poder de adaptación e de supervivencia innato, e fomos capaces de vivir a situación excepcional con normalidade, con moito esforzo si, pero acostumándonos ás máscaras e ás distancias. Custoso nos recreos, por suposto, mais en xeral, cun comportamento exemplar do noso alumnado, da nosa xuventude que se adaptou en tempo récord, cumprindo e axudando a que todo funcionara correctamente. A nosa rapazada é sensata e respectuosa na súa inmensa maioría. Poucos son os que teñen ese comportamento irresponsable, tal e como sucede desgrazadamente na sociedade, pois o instituto non deixa de ser un micromundo.

Non houbo actividades extraescolares, pois preferimos non poñernos en situacións de risco innecesario. Malia a todo seguimos a traballar nos proxectos, aproveitando as vantaxes que nos brinda a tecnoloxía.

Disfrutamos e aprendemos co proxecto das Sacabeiras de Bioloxía, Proxecto Ríos, Naturézate, Arte Floral, Inclúe-T e Iguála-T, cos premiados Biomondo, e o Bosque Comestible, e o recentemente premiado de Voz Natura sobre o Camiño de Santiago no Concello de Mondoñedo. Fomos capaces tamén de sacar adiante a marabillosa exposición: *Amar a Mar*. En fin, a pesar das dificultades seguimos adiante porque amamos a nosa profesión.

Puxemos en marcha, con grande ilusión, a radio escolar, *O Son da Paula*. Para iniciarnos no interior dese descoñecido mundo, tivemos obradoiros que nos ensinaron a usar a nosa voz para comunicar nas ondas que terán continuidade no vindeiro curso.

Remata este curso con grande éxito, *a primeira promoción do Pluribac*, programa co que o alumnado de bacharelato cursa unha materia do currículo en inglés, ademais de ter unhas horas de clase semanais a maiores e sempre buscando o beneficio do alumnado para encamiñarse nun mundo no que o dominio de linguas estranxeiras é cada vez máis necesario.

Salientar tamén o bo funcionamento dos ciclos, especialmente o superior pero tamén a FP Dual. Non entendemos a recente creación do mesmo ciclo, a poucos kilómetros de distancia, e por outra Consellería diferente da de Educación, creando así unha competencia innecesaria, que ben podería ter sido un complemento da oferta formativa.

Grazas aos compañeiros que se trasladan: Carlos, Carmen e Javier. Sorte nos novos destinos. Grazas aos compañeiros e compañeiras que se incorporaron este curso, polas súas aportacións, pronta integración e apoio ao noso xeito de traballar.

E grazas tamén, xa para rematar, a Cris Arango, a quen todos botaremos de menos dun xeito moi especial, pois son xa máis de 20 anos os que levamos compartidos. Grande mestra, magnífica profesional, marabillosa compañeira, quen sen dúbida deixa pegada en todo o alumnado. Moita sorte, compañeira, na túa nova etapa de xúbilo.

María José Cuesta Fernández
Directora do IES San Rosendo

O BOSQUE COMESTIBLE NA GRANXA DO I.E.S SAN ROSENDO

Este curso comezamos un proxecto novo na Granxa, trátase dun “Bosque comestible” co que pretendemos poñer en valor todos os posibles aproveitamentos que pode ter un bosque, tanto produtivos como sociais e ambientais, porque hai moito máis que madeira nos nosos montes.

- ***QUE É UN BOSQUE COMESTIBLE?***

Un bosque comestible é un sistema agroforestal biodiverso integrado na paisaxe onde se leva a cabo un aproveitamento multifuncional, cultivando diferentes especies

- ***COMO IMOS CREAR O NOSO BOSQUE COMESTIBLE?***

A diferenza doutras técnicas de aproveitamentos forestais, imos procurar un espazo onde se busquen todos os posibles produtos aproveitando o estrato herbáceo, arbustivo, arbóreo e mesmo plantas gabeadoras. Deste xeito logramos un aumento na biodiversidade, e melloramos a resiliencia fronte a pragas, enfermidades, cambio climático ao tempo que se consegue un espazo con múltiples posibilidades para a investigación e a educación ambiental.
As especies que se cultivan, ou se incentiva a súa presenza, deben ser especies moi adaptadas (ou adaptables) ao entorno e, nunha combinación tal que, as sinerxías que se produzan non so permitan obter recursos do bosque, se non tamén mellorar a fertilidade do solo e a resistencia a pragas e enfermidades.

- ***QUE VANTAXES TEN ESTE TIPO DE ESPAZOS?***

Este tipo de espazos están en sintonía co que nos din as recomendacións para adaptar os nosos bosques ao cambio climático, que, segundo os expertos pasan por “incrementar a diversidade específica e estrutural, a mellora do vigor e resistencia individual e a promoción de cambios estruturais”. Hai estudos que sinalan que os bosques con maior biodiversidade son máis eficientes na fixación de CO.
Por todo isto, é necesaria a adopción de novas estratexias para o deseño e manexo de agroforestais bodiversos que posibiliten o incremento da súa resiliencia, entendida como a capacidade de resistir e recuperarse de eventos climáticos severos (Altieri Y Nicholls 2013) á vez que proporcionan beneficios sociais e económicos, é , realizar unha xestión adecuada e sostible, que mellore a resposta adaptativa dos sistemas agroforestais, ao tempo que permite obter novas producións.

- ***NON ESTAMOS SOAS NESTE PROXECTO***

Traballando en rede lograremos traballar con metodoloxías innovadoras de apredizaxe como a Aprendizaxe Baseada en Proxectos, aprender das experiencias de outros centros e ir construíndo unha aprendizaxe que contribúa a mellorar a formación dos futuros técnicos que desenvolveran a súa experiencia profesional no sector agroforestal galego.
O é crear unha rede de experiencias na xestión e implantación de bosques comestibles que sirva para á formación de futuros técnicos.
Sistematizaremos cada unha das experiencias para poder contribuír á formación na xestión de espazos agroforestales adaptada ao cambio climático, á obtención de novas producións e a redución de agroquímicos.

- ***POLO MOMENTO XA EMPEZAMOS CON ALGUNHA COUSA***

Introducimos novos cultivos (plantas mediciñais, aromáticas, comestibles...)
Aproveitamos plantas medicinais para facer dentífrico, xarope...
Aproveitamos o valor didáctico do bosque para estudar a flora e as aves, sementamos liño, fixemos sebes, comedeiros de paxaro.

O proxecto ***"Rede de bosques comestibles: unha nova xestión do espazo forestal fronte ao cambio climático"***, liderado polo IES San Rosendo, foi premiado na convocatoria 2021 dos premios de innovación da FP.

VISITA Ó CEMITERIO VELLO DE MONDOÑEDO

Dentro das actividades propostas para o club de lectura do IES San Rosendo estaba contemplada a realización de varias visitas guiadas ao Cemiterio Vello de Mondoñedo co fin de recuperar a memoria histórica daqueles persoeiros ilustres e non tan ilustres, algúns deles esquecidos completamente da historia local de Mondoñedo. Tamén quixemos poñer en valor a riqueza patrimonial e artística deste recinto brutalmente maltratado polo vandalismo e a falta de atención polas autoridades , ás que queremos chamar a atención para que tomen medidas urxentes protexendo este magnífico patrimonio da súa destrución irreversible. A actividade consistiu en dúas visitas guiadas nas que participaron alumnos e profesores do Club de Lectura do IES facendo un percorrido por panteóns e sepulturas relatando a identidade e algo da historia dos seus ocupantes, así como o descubrimento dos lugares conmemorativos de memoria que alí existen. Dado que a finca de FP de A Granxa está fronte mesmo ao cemiterio a aproximación ao mesmo é inmediata , polo que comezamos a visita entrando pola porta lateral máis próxima , e alí , antes de comezar a subir as escaleiras que nos levan a parte alta dos panteóns, detémonos e identificamos a primeiras sepulturas:A de Josefa Somoza de Candia, muller que morreu no parto xunto co seu fillo , e a quen o seu marido adicou un fermoso poema que gravou nunha placa de bronce e colocou sobre a sepultura e que transcribiu a alumna de 1o CM dual Carla Ron: Aquí yace Doña Josefa Somoza de Candia con el desdichado ser que de sus entrañas fue extraído sin vida: falleció el 24 de octubre de 1854 a los 34 años de edad.

Poco tiempo ha durado mi ventura
Que en la unión conyugal se cimentara,
Al placer que fugaz me enajenara,
Sucedieron el hielo y la amargura:
Después que a tanto amor la Parca (muerte) dura
Me arrebata una esposa, prenda cara.
A quien todas mis ansias consagrara.
Solo penas el alma ya me ampara
Mi dulce esposa, penas y quebranto
Acabarán los días de una vida
De que el solaz has sido y el encanto:
Oh! Desde las manos donde acogida
Te dio el bondadoso Dios, recoge el llanto
Del que la fe te ha jurado y no te olvida.
Transcripción Carla Ron

A sepultura onde repousan os restos de Graciano Paz Amieiro, de profesión follalateiro e dirixente da Unión Socialista Galega, que xunto con outros dous veciños de Mondoñedo: Siervo González Rivas , funcionario municipal e secretario local da C.N.T. e Manuel Rodríguez Núñez , comerciante e militante da C.N.T. , foron fusilados contra a tapia deste cemiterio fronte á Travesía dos Remedios onde hoxe teñen un monolito na súa memoria. Este crime foi motivado como represalia pola caída de Teruel en mans republicanas e propagar o terror na poboación. O nicho de Manuel Ledo Bermúdez "O Pallarego", destacado músico mindoniense, violinista e barbeiro , comezou como neno de coro e acabou formando unha rondalla. Hoxe a escola de música de Mondoñedo leva o seu nome. Continuando a esquerda ao finalizar as primeiras escaleiras atopamos escalóns feitos con lápidas de antigas sepulturas reutilizadas como pavimento, que nos levan á zona de párvulos do camposanto onde enterraban aos nenos menores de sete anos . Curiosamente neste lugar está tamén a sepultura do famoso escritor , poeta , médico exemplar benefactor dos pobres e republicano . O seu carón está Cándido Carreiras Domenech ,
alcalde do goberno provisional que proclamou a II República en Mondoñedo o 1 de maio de 1931 , foi detido en 1936 e cumpriu anos de cadea, a cruz de ferro da súa sepultura desapareceu e non ten lápida.

Regresando á zona dos grandes panteóns atopamos o panteón de Pascual Veiga, o gran músico mindoniense que compuxo a Alborada e puxo música ao Himno Galego , panteón construído co mármore de Sasdónigas característico polo seu veteado rosáceo, este material aparece en varias sepulturas e panteóns do cemiterio. Ao seu carón, o panteón das Monxas é o que presenta o deterioro máis grave de todos: vidreiras desfeitas por completo, lápidas rotas e sepulturas violadas e profanadas.

O panteón de José Sánchez Gacio , Presidente da Deputación de Lugo e Gobernador Civil da Coruña . No ano 1936 foi detido e procesado polos franquistas, cumprindo anos de cadea. A sepultura en nicho do máis coñecido escritor mindoniense : Álvaro Cunqueiro. Temos tamén o panteón en mármore de Carrara onde descansan os restos Astorgia Acebo Parga, o amor imposible de Pascual Veiga, recluída nun convento de Viveiro polo seu tío cura. A lápida co seu nome está gravada en mármore de Sasdónigas.



Outro curioso panteón é o de Juan M. Cayón cunha estraña decoración que lembra símbolos masónicos. Baixando as escaleiras flanqueadas por dous grandes cipreses, accedemos ao cemiterio civil ou das persoas sen recursos onde podemos atopar á dereita sepulturas en nicho como a de: Celestino Doural García, falecido en accidente de estrañas circunstancias nas proximidades de Mondoñedo, cando retornaba en bicicleta dende a romaría dos Milagres de Saavedra . Na marxe esquerda está o muro do osario onde figura unha placa de bronce en homenaxe a sete veciños de Ribadeo e Viveiro asasinados por falanxistas en 1936. Os cinco primeiros aparecerán tiroteados nas gabias das voltas de Prado o 12 de setembro de 1936 na nacional 634 á altura do que hoxe é o almacen do butano e o barranco de Gontariz.

A experiencia desta visita guiada polo patrimonio mindoniense foi moi gratificante para todos, a pesar do impacto que nos causou o lamentable estado de deterioro no que se atopa este vello cemiterio. Esta visita tamén completa a visión sobre a recuperación da memoria histórica que estamos a crear a partir da lectura do libro de Susana Sánchez Eirís “Seique”.

O club de lectura aclara que existe máis información complementaria sobre o cemiterio vello a disposición de todos.

PluriBach 2021-2022

IES PLURILINGÜE SAN ROSENDO

Se tés un nivel de inglés medio e vas cursar 1º BAC, apúntate ao Programa PluriBach.

Infórmate no instituto!

SIGN UP!!

PluriBach 2021-2022

IES PLURILINGÜE SAN ROSENDO

Algunhas das características do programa:

-Título de Bacharelato no Programa de Especialización curricular en Idiomas
- Horas extras de inglés
- Actividades complementarias e de formación en inglés
- Unha materia impartida en inglés

PluriBach

PluriBach 2020-2021

IES PLURILINGÜE SAN ROSENDO

Estes son algúns dos comentarios do alumnado que cursou PluriBach este curso:

Melloramos as nosas competencias en inglés.
Recibimos máis propostas e actividades máis diversas.
Axudounos a perderlle o medo ao inglés.
Tivemos un trato máis personalizado e a un ritmo máis pausado.
Foi máis fácil participar na clase.
Fixemos actividades extraescolares internacionais.
Contactamos con alumnos doutros países e así practicamos inglés e coñecemos outras culturas.
Fomos un grupo entrañable.

2021-2022

PluriBach this year 2020-21

- ## OCTOBER

We participated in the FICX and saw the film Semina Il Vento. Then, we commented the film in flipgrid.



- ## JANUARY

In the first month of the new year we did a lot of things, like participate in two differerent workshops; one with LUIS PARDO, about the radio, and other with MARÍA COUSO about food sovereignty and agroecology.



We had a videoconference with Yayo Herrero about ecofeminist and we also participate in the proyect "BIG PLANET , SMALL PLANET", which foucases on the environmental problems in France, Italy and Romania; because of that we can realize meetings with students from these countries.

- ## MARCH/APRIL

Then, in april, we had another workshop by MARÍA COUSO, “Discovering our needs for a more responsible consumption” .

- ***MAY***

We recorded Ernest Hemingway's story "Hills Like White Elephants" in the school radio in cooperation with TICs.

Finally, we participated in the project "Marzo: mes das matemáticas" and translated the tale "DiMaLitros ¡Cuéntanos tus acuaventuras!" about the importance of water consumption through Maths.

Book club

Due to this year situation the school couldn't do book clubs, but in pluribach we did one small club for us. These are the books that we have read.

- <u>1st Term</u>

We commented and did some projects about environment issues in relation to the book.



- <u>2nd Term</u>

We commented and did some short essays on serveral topics: animals' rights, power, religion or environment, among others.

- <u>3rd Term</u>

We read short stories and spoke about them in Reading Circles, a different way to profit from the activity!

Adverts, book recomendations, love poems and friends
2º ESO

The students designed an advert where they used at least one advertising technique from the ones they had previously analysed in class. With this activity, they became aware of the power of oracy to persuade. Here are some examples:

- Lara's video:
- Iria and Carmen's video:



- On the International Book day (23rd of April) the students recommended their favourite book and their presentations were recorded.

- Our classmates also spoke about their friends and the cualities they liked the most of them.



- They celebrated Saint Valentine's day writting a love poem for their friends, partners and relavites, too.





Your voice is the most beautiful thing I can hear,

and the perfect place to be is always with you, here.

My love for you is as true

as that I die for its value.

Lara López Cabanas

You and me together,
this is forever
and it will never change.
With you, wherever,
for you, I will do whatever.

When the sky is grey,
you can make me smile
and that happens all the time
because you are are by my side.
Can this improve?
That would be my dream.
Can it come true?

SÍGUENOS EN:

facebook: ies.sanrosendo
Instagram: @bibliotecaiessanrosendo
Blog club lectura: bibliomerlin.blogspot.com
Facebook carpetas viaxeiras

When I See Your Face (Will I Know Who You Are?)

It's a strange feeling spending seven months with people and to realize that you wouldn't recognize them on the street.

I started at the school in the midst of the pandemic. Masks are mandatory, and I've learned the faces of students from nose bridge up. (Many of you have beautiful eyes and lovely, natural long lashes.) I've also linked certain aspects to students to help me recognize them, such as this boy has curly hair; this girl wears glasses; this person is blonde.

Imagine my shock last week, when I saw a student's face, without a mask, for the first time. The Pluribach students had a small cocoa and cake snack to celebrate the graduation of their 2nd Bach classmates. One of the students pulled down her mask to take a bite of cake and BAM! A face! A face I didn't recognize. It was the strangest feeling: I knew her all through the motions of picking up her fork, lifting her hand to grab her mask, pulling her mask down – and then the student I knew disappeared and a stranger stood before me.

This got me thinking about life after the pandemic, when masks are no longer going to be required everywhere. (Yes, I'm an optimist who believes that day will come.) Will I recognize any of the students?

And what happens when students stop wearing their masks and also get rid of the things that I associate with them: such as glasses, hair length and colour, even height! (We all know the summer is a great time to grow five inches!)

All of this to say, if we ever pass each other in the streets, mask-less, and I look at you like you're a stranger: it's because you are! Without masks, you're all going to be strangers to me. So, reintroduce yourself, listen to me gush about how pretty/handsome you are, and we'll get to know each other all over again.

Janine Jeffers

The end of two years in Mondoñedo...

If you blink, you may miss it: a tiny vallyed village in A Mariña, home to a beautiful cathedral, wild horses and almost 5,000 people. As the lottery of schools dictated, I was given the pleasure of working in IES San Rosendo in the winter of 2019. My final thoughts are a mixture of fond memories, lessons learnt and words of encouragement.

What have we done in 2020? We have participated in Carnaval, danced as sunflowers, made costumes in the classroom, written love poems, played viciously competitive vocabulary games, shared many English conversations and then tackled a global pandemic in our pyjamas - and it was only March! From then on, we designed secret doors for fairies and time capsules for the future, made origami every week, spoke on topics from Shakespeare to food festivals and played many, many Kahoots. Even in the circumstances, Myself included, I truly hope you have all learned a little something and had a wonderful time doing it.

Para ser profesora, aprender de una cultura es algo que quiero llevar en mi corazón. Cuando mis amigos neozelandeses me preguntaban cómo es la vida aquí, no quería reducir la idea de vivir en Galicia a una lista. Pensaba en los paisajes preciosos, la costa lucense, y por supuesto los mariscos, pero un par de cosas destacaban: la amabilidad y generosidad de los gallegos. Es fácil ver que aquí tenéis una cultura única que vale la pena preservar y apreciar.

Por último, un mensajito para todos. No puedo expresar mi gratitud por los dos años de diversión que hemos pasado. Me habéis demostrado vuestra generosidad de todas las maneras, además de vuestras ganas de aprender y participar. Son las razones por las que la gente desea ser profesor. Lo que he aprendido con vosotros y esto no tiene precio.

Buena suerte y cuidaos!

Todo mi amor,

Holly

CÓMIC DO LIBRO

O Curioso Incidente Do Can Á Media Noite

Antía Gutiérrez 3º ESO



Ao día seguinte decidín que ía vivir con Nai a Londres despois de descartar as outras opcións.



Fun dentro da casa cando Pai marchou, collín a mochila do colexio e metín comida, libros e roupa. Baixei e metín a Toby no bolsillo.

Fun ó colexio a ver se alí me decían onde estaba o caixeiro para ter cartos e sacar o billete a Londres, pero vin a furgoneta de Pai.



Entón pensei outra estratexia e decidín buscar unha muller (porque son máis seguras) para que me dixera onde podría atopar un mapa.

A muller en vez de decirme onde atopar o mapa sinaloume como ir ao edificio da estación de tren á que finalmente cheguei.

IGUAIS E DIVERSAS

1

CK

BLA
BLA
BLA

TELÉFONO CONTRA O MALTRATO
016
3

ESTE CÓMIC NON NECESITA PALABRAS
CADA VIÑETA POR SÍ MESMA TRANSMITE A
HOMOFOBIA, A VIOLENCIA E O SUFRIMENTO
PADECIDO HAI QUE VISIBILIZAR A SITUACIÓN

VIVE E DEIXA VIVIR!

4

Persoas Iguais, Pero Diversas

NO SOMOS SOLO UN GRUPO DE LGTB, aunque tengamos miembros del colectivo.

Simplemente, somos un grupo que ayuda. Un grupo cuyos miembros se apoyan mutuamente. Un grupo con un objetivo en común: no ser criticados, maltratados o juzgados por ser cómo somos. Y no solo que no nos lo hagan a nosotros, sino que, en general, este tipo de tratos no existan. Por ser altos o por ser bajos; negros o blancos; homo o heterosexuales; feos o guapos; transexuales, intersexuales o bisexuales; árabes o cristianos; gordos o delgados; con discapacidad o sin ella... Nuestro objetivo no es otro que el de hacer actividades que disminuyan las quejas, los abusos y las risas contra estos adjetivos. Porque solo son eso, adjetivos. Palabras que nos han puesto para describirnos. Etiquetas. Y no tienen otro significado que el que nosotros les demos.

Este año, nos hemos estado reuniendo en la granja un lunes al mes. De esa manera, el lunes que hay grupo, no vamos al comedor de tres a cuatro y media, sino que bajamos a la granja, comemos allí (cada uno se trae su comida; se puede comprar en la cafetería o traer de casa) todos juntos y, mientras, comentamos propuestas, ideas, noticias o actividades. Luego de comer, hacemos la actividad planeada, o si no hay ninguna, seguimos poniendo en común nuestros pensamientos.

El año que viene empezaremos a hacer actividades como pintar camisetas, asistir a charlas informativas, ver películas... Cualquier nueva idea es bienvenida. Este año, aparte de los días que teníamos reunión, escribimos algunos artículos sobre el día de la visibilidad lésbica y el día contra la homofobia. Estuvimos también pidiendo opiniones sobre este grupo, y les preguntamos a los alumnos por qué no se habían apuntado a él.

Así que, si quieres evitar el acoso que se le hacen a todas estas personas; si quieres contribuir a la diversidad del mundo, a que todos seamos iguales, este grupo es el tuyo. Y si no estás seguro, no pierdes nada por probar.

El mundo debería ser más variado y debería permitirse y aceptarse esta variedad.

"Desde el principio de nuestra existencia somos de lo más variado, ¿por qué no aceptarnos ya? ¿Y por qué no disfrutar de nuestra propia diversidad?"

Mara Reyes

2º ESO

En relixión...

Os de Relixión elaboraron un Belén feito con fotografías de momentos felices para eles.



O 23 de abril o alumnado de Relixión de 1º de bacharelato participou nunha sesión do programa O Camiño que Nos Une, onde participan deportistas galegas.



Na semana de despois da Semana Santa o alumnado de Relixión elaborou uns ovos de Pascua en cartulina ben curiosos.

Co gallo do día da Paz elaboramos a receita para conseguir a paz.



RECEITA DA PAZ

Ingredientes :

23 quilos de RESPECTO
21 quilos de IGUALDADE
7 quilos de APOIO
10 quilos de PERDÓN
19 quilos de LIBERDADE
6 quilos de XUSTIZA
2 quilos de LEALDADE
4 quilos de AMABILIDADE
2 quilos de CONFIANZA
3 quilos de TOLERANCIA
14 quilos de AMOR
4 quilos de DIÁLOGO
4 quilos de COMPRENSIÓN
3 quilos de UNIÓN
10 quilos de PACIENCIA
5 quilos de EMPATÍA
1 quilo de ENTENDEMENTO
1 quilo de VERDADE
3 quilos de CONFIANZA
1 quilo de AMIZADE
1 quilo de HUMILDADE
2 quilos de AXUDA
1 quilo de CONVIVENCIA

Mesturamos tódolos ingredientes nunha tarteira , cociñamos a lume baixo durante 50 minutos, engadimos unha cunca de esforzo e esperanza, deixamos repousar uns minutos e podemos servir.
Bo proveito!!!!

Mondoñedo 30 de Xaneiro de 2021.
Día Escolar da Paz e Non Violencia.

Libro de receitas

As clases de 3º da ESO e 1º de Bacharelato traballaron conxuntamente nun recetario culinario donde saliron exemplos de receitas tan apetitosas coma estas:

BRETÓNS RECHEOS

INGREDIENTES

- 15 follas do ollo da col ou dos fillos do repolo.
- 300 g de carne picada.
- 1 cebola.
- 1 allo.
- 1 ou 2 follas de pirixel.
- Sal.
- Un vaso de aceite.
- Un ovo cocido e catro ovos batidos.
- Fariña
- Un caldo cun anaco de carne de cocho ou de xamón, e o prebe dos bretóns.

ELABORACIÓN

Primeiro cóllense as follas dos fillos do repolo cerca do ollo, lávanse e escáldanse. Despois condiméntase a carne picada con sal, pirixel e allo. Ponse un pouco de aceite de oliva nunha tixola, dórase a cebola picada e engádese a carne picada e o xamón. Cando xa estea dourada engádese un ovo batido e un ovo cocido picado. Revólvese todo ben.

Torta de Mondoñedo



Ingredientes:

- 250G DE HOXALDRE
- 500G DE CABELO DE ÁNXO
- BISCOITO PARA CUBRIR O FONDO
- 200G DE AMÉNDOA
- 200G DE AZUCRE
- 1 OVO
- COÑAC, AUGA E AZUCRE PARA O ALMÍBAR

Preparación:

Untamos un molde con manteiga,colocamos o hoxaldre,emborrachamos o biscoito co almíbar e colocámolo enriba do hoxaldre, despois aplastámolo coa man. Enriba poñemos o cabelo de ánxo e estirámolo. Mesturamos nun cunco améndoa, azucre e un ovo. Engadimos un bo chorro de coñac, mesturamos todo e engadímolo por riba do cabelo de anxo. Cocemos a lume lento uns 40-50 minutos.



Neste código atoparás o libro completo.

A FUXIDA DA PEIXERÍA

ALUMNOS 1º ESO B

(Nun supermercado da cidade atópanse unha lura e un polbo falando)

LURA: Polbo, temos que idear un plan para saír de aquí, eu estou farta, non podo máis!
POLBO: Xa, eu tamén, pero a min non se me ocorre nada, e se lle preguntamos a rodaballo? É moi sabio.
LURA: Boa idea! temos que avisalo.
(Polbo e lura bérranlle a rodaballo, que se atopa na sección da peixería, pero a uns metros deles)
LURA: Rodaballo, temos que falar contigo! estamos fartos de estar aquí, temos que escapar, axúdanos, por favor!
RODABALLO: Como dis? Nós tres non podemos escapar sós do supermercado. Teriamos que ser moitos máis, falade cos peixes que tedes preto e eu falarei con salmón que é moi sociable e falará cos seus amigos.
LURA: Vale, Polbo e eu falaremos cos outros moluscos e peixes e ti encárgate logo de falar con salmón.
RODABALLO: Agora mesmo vou a xunto del.
(Rodaballo desprázase entre o xeo e achégase a salmón)
RODABALLO: Ei salmón, temos un problema, os compañeiros moluscos queren fuxir do supermercado, ti que pensas?
SALMÓN: Si, estaría ben, tedes algún plan?
RODABALLO: Acordamos que debemos ser moitos para poder alcanzar o noso obxectivo.
SALMÓN: Vale, entón eu podo falar con lagostino, que está aquí ao lado, a ver se el pode falar co resto dos crustáceos.
(Salmón e rodaballo despídense e salmón achégase a lagostino)
SALMÓN: Lagostino, varios peixes están organizando unha fuxida, que che parece a ti?
LAGOSTINO: Paréceme xenial, isto xa o deberamos ter feito hai tempo, cando marchamos?
SALMÓN: Tranquilo! non tan rápido, temos que organizarnos ben e ser moitos, ti poderías falar con alguén máis? De momentos están ao tanto Polbo, lura, Rodaballo e nós.
LAGOSTINO: Sii, claro que podo, direillo a zamburiña para que fale cos outros bivalvos.
(Lagostino e salmón despídense e lagostino achégase o que pode a zamburiña)
LAGOSTINO: Ei, zamburiña, varios animais mariños están ideando un plan para fuxir, queres participar?
ZAMBURIÑA: Home claro, como non vou querer? estou farta de estar nesta caixiña. Que tedes pensado?
LAGOSTINO: De momento o que temos que facer é buscar interesados na fuxida, ti podes falar co resto dos bivalvos?
ZAMBURIÑA: Por suposto, xa llo digo agora a ameixa. Cando saiba algo volvo a falar contigo.
(Na outra parte da peixería atópanse Polbo e lura falando con outros peixes)
LURA : ei, peixe espada, estamos argallando algo moi importante.
PEIXE ESPADA: Non será nada malo ou? Eu non quero saber nada eh!
LURA: Non oh, é unha fuxida.
PEIXE ESPADA: Fuxir a onde?



POLBO: Non sabemos a onde, a calquera lugar onde non haxa xente que nos coma.
PEIXE ESPADA: Gran idea, eu apúntome. Anguía, esperta, están organizado unha fuxida.
ANGUÍA: Que dis? Fuxir a onde? Eu estou ben aquí.
PEIXE ESPADA: Veña, escaparemos todos.
ANGUÍA: Non, non quero, xa che dixen que estou ben aquí.
LURA: Entón queres que te coman?
ANGUÍA: Teño pinta de cobra, non creo que me merque ninguén.
LURA: Vale, pois fai o que queiras.
CALAMAR: Compañeiros, se Anguía non quere ir que quede, pero eu apúntome.
POLBO: Xenial!
CALAMAR: Haberá que ir pensando como podemos facer para saír.
(No estante do lado está auga escoitando a conversa)
AUGA: Ei, estouvos escoitando e sei como vos podo axudar.
PEIXE ESPADA: Como?
AUGA: O resto das auga e máis eu podemos tirarnos contra os cristais e rompelos e así facemos un oco para saír.
PEIXE ESPADA: Un plan xenial, hai que contárllelo aos demais.
LURA: Avísoos eu, que veñan ata aquí ás 12 e seguimos falando.
AUGA: Moi ben, quedamos así.
(Na outra parte da peixería Zamburiña fala cos bivalvos)
ZAMBURIÑA: Ameixa, varios peixes estamos pensando en escapar do super, pero cantos máis sexamos mellor, ti queres vir?
AMEIXA: Por suposto que quero, e seguro que os outros tamén. Vieiraaaa! están planeando escapar do super.
VIEIRA: Que boa idea! Como ides facer?
AMEIXA: Non sei aínda, só sei que cantos máis sexamos mellor.
VIEIRA: Contade comigo e falo tamén con ostra, berberecho e mexillón. Están durmindo pero vounos espertar.
AMEIXA: Vale, despois xa me contas que che dixeron.
(A vieira achégase os outros bivalvos e espértaos)
VIEIRA: Ostra, berberecho, mexillón espertade! Algúns peixes imos escapar, querédesvos unir?
OSTRA: Si, eu acompáñovos.
BERBERECHO: Irei logo.
MEXILLÓN: Por suposto, non me quero perder esta aventura.
OSTRA: Dicímosllo os crustáceos que están aquí ao lado?
AMEIXA: Sii, perfecto, lagostino xa o sabe, o resto non!
(A ostra achégase aos crustáceos)
OSTRA: Amigos, estamos planeando unha fuxida, vides?
LUMBRIGANTE: Eu si, faría o que fose con tal de que non me coman.
NÉCORA: Claro que si, eu tampo admito que me coman.
BOI DE MAR: Eu tamén, estou farto de estar aquí.
SANTIAGUIÑO: Eu tamén, non soportou máis este lugar.

CANGREXO: Ei, non marches sen min eh, que xa sabes que eu ando marcha atrás e lévame máis tempo.

(Na outra parte da peixería xa están reunidos :Polbo, lura, peixe espada , lagostino, salmón, rodaballo, pescada, gallo e auga)

RODABALLO: Auga, xa hai mais amigo ao tanto da fuxida, viñeron agora pescada, calamar e gallo.



GALLO: Home claro, eu non me perdo unha festa así!

PESCADA: Non organizan unha festa home, é unha fuxida.

GALLO: Ah, entón a festa farémola despois da fuxida.

PESCADA: Iso paréceme ben, se temos éxito será unha boa forma de celebralo.

CALAMAR: Tes razón, non hai nada mellor ca unha boa festa!

RODABALLO: Auga, estiven pensando, como vas facer ti para fuxir con nós?

AUGA: Non vos preocupes por min, en canto rompamos os cristais podédesnos axudar a saír destas botellas e imos con vós.

PESCADA: Pero como imos facelo?

AUGA: Polbo cos seus tentáculos pode abrir as botellas e botarnos neses bandexas brancas que colocaredes no carro que sempre deixa aquí, despois ídesvos metendo vós e saimos polo oco.

SALMÓN: Moito pensaches! E sairá ben? A onde iremos?

LUBRICANTE: Tes razón! Pero podemos cortar as gomas e as redes coas beiras das vosas cunchas.

SANTIAGUIÑO: Claro, e despois os crustáceos xa nos podemos mover e levámosvos a vós ao lombo.

OSTRA: Moitas grazas, amigos!

VIEIRA: Si, grazas, sen vós non poderiamos escapar.

SANTIAGUIÑO: Non hai de que, hoxe por vós e mañá por nós.

BOI DE MAR: Perfecto! Quedamos entón así, eu vou durmir outro pouco.

BERBERECHO: Eu tamén, pero mañá lembrádevos de min, porque son o máis pequeno e ao mellor me esquecedes.

BOI DE MAR: Non te preocupes, non te deixaremos.

(Ao día seguinte, domingo, todos os alimentos están reunidos na peixería e o plan iníciase)

AUGA: Alá imossss!! pummmm!

Os cristais rompen, polbo abre as botellas e bota a auga nas bandexas que xa están no carro, o resto dos animais mariños soben á bandexa e comeza a facer forza para mover o carro)

LURA: Estamos todos?

TODOS: Siiii

LURA: Entón marchamos!

(O carro cargado vai pola rúa abaixo a toda velocidade e cando chegan ao final turran cun contedor do lixo e saen todos despedidos cara o mar)

SALMÓN: Lográmoloooooo!

PEIXE ESPADA: Siiii, gallo, vai organizando a festa!

GALLO: Iso está feito!!

(Todos os peixes, crustáceos, moluscos e bivalvos volven a vivir no mar, o seu hábitat natural, porque se a terra tira, o mar tamén).

FIN

A CARREIRA DA SELVA

Alumnos de 1ESO A

Onte ocorreu un acontecemento na selva do Amazonas, en Brasil, que todos os animais tardarán tempo en esquecer.

Estaban reunidos varios felinos: o león, o leopardo e máis a pantera, cando a aguia comezou a voar sobre eles como querendo dicirlles algo.

PANTERA MIRANDA: Que ocorre? Por que estás tan nerviosa?
AGUIA: Estou nerviosa porque teño unha á ferida e non vou dar gañado a carreira.
(Salta o león asustado.)
LEÓN: De que carreira falas?
PANTERA: Da que se celebra hoxe, nós tamén participamos, non sabías nada?
LEÓN: Non, ninguén me dixo nada, pois eu tamén quero participar.
ÁGUIA : Entón terás que preguntarlle á gacela, ela é a encargada de anotar os participantes.
LEÓN: Vale, voulle preguntar se podo participar.
(o León diríxese a xunto da gacela)
LEÓN: Gacela, díxome a aguia que estás organizando unha carreira, podo participar?
GACELA: Ummm! iso vai estar complicado. A lista dos participantes está completa, mais poderiamos facer unha excepción, pero iso haberá que preguntarllo á vaca, que é a xefa da carreira.
LEÓN: Vale, vou a xunto da vaca.
(O león diríxese á cabina de preparación da carreira onde se atopa a vaca)
LEÓN: Boas tarde vaca, eu tamén quería participar na carreira, quedan prazas?
VACA: Non sei león, ás prazas están ocupadas, único se queres substituír á aguia que está enferma, pero a carreira comeza dentro de dúas horas, porque o marcador estaba estragado e tivemos que amañalo.
LEÓN: Vale, pois ocuparei a súa praza, vou adestrar un pouco.
(A carreira estaba a piques de comezar e os participantes fóronse colocando na liña de saída. Estes eran: a pantera,
a suricata, o lince, o tigre, o leopardo, o puma e a xirafa.)
SURICATA: Leopardo non sei para que participas, vou gañar eu.
LEOPARDO: Non te confíes porque ao mellor che roio unha pata e gaño eu.
SURICATA: O que ti non sabes é que eu pódome meter por debaixo da terra e ti non.
TIGRE: Calade! porque ao mellor vos como eu a todos.
PUMA: Tranquilo! haxa paz! Dá igual quen gañe.
XIRAFA: Vós poderedes correr moito, pero eu teño as patas moi longas.
(Achéganse á liña de saída: O lobo, a víbora, a anaconda, o koala, o lince, a curuxa e o oso pardo)

LOBO: Tedes sorte de que eu non participe porque senón.... É que non quero abusar.
VÍBORA: Quen será máis rápido? vós que dicides?
ANACONDA: Eu non che sei nada. A min non me fales que pouco entendo disto.
KOALA: Eu tampouco sei, pero apostaría a que van facer trampas.
LINCE: Sorte para todos, que gañe o mellor!
GACELA: Deixádevos de tanta charla que a carreira vai comeza
ANACONDA: Calade que vai comezar!
VACA: Preparados, listos, xaaaa!!
CURUXA: Eu creo que todos van facer moitas trampas e non quero nin pensar como acabarán..
OSO PARDO: Eu penso o mesmo, pero creo que finalmente gañará o tigre.
(cando a carreira xa ía avanzada chegan o Cabalo e o poni)
CABALO: Como están deixado a pista, van acabar todos rebentados.
PONI: Tes razón, eu pensei que aínda quedaría peor.
(Os membros da carreira xa levan 3km recorridos)
GACELA: Quen irá primeiro?
VACA: Non sei, pero non vexo a suricata.
LOBO: Seguro que fixo un furado e vai por debaixo da terra
(No medio da carreira a suricata pensa)



SURICATA: Algo terei que facer para gañarlle ao leopardo. Vou facer un furado para que meta nel unha perna.
(O leopardo cae na trampa da suricata)

LEOPARDO: Ai, aí! como me doe a perna, seguro que a partín! E seguro que a culpa é toda da suricata.
(O tigre e o puma adiantan o leopardo).
TIGRE: Veña puma, xa somos un menos, o leopardo xa queda descualificado. Imos a pola suricata.
PUMA: Eu non a vexo, non sei onde se meteu.
(Achéganse a liña de saída máis animais: o rinoceronte, a cobra, a hiena, o gorila).

GORILA: Que está pasando aquí?
RINOCERONTE: Nin idea, ímonos achegar.
HIENA: Si, voulle preguntar eu ao lobo que o coñezo.
(A hiena achégase aos animais alí presentes e diríxese ao lobo)
HIENA: Que pasa aquí?
LOBO: Está habendo unha carreira.
HIENA: E quen participa?
LOBO: Hai seis participantes: o león, o tigre, o leopardo, o puma, a xirafa e a suricata
COBRA: E vós que facedes aquí?
LOBO: Esperar para saber quen gaña
COBRA: Por que fixeron a carreira?
LOBO: Nin idea, eu cando cheguei xa estaban aquí. Iso saberao a vaca, que é a organizadora.
(A Vaca escoita a conversa e achégase a eles).
VACA: organicei a carreira porque onte varios animais estaban discutindo e todos dicían ser os máis rápidos e eu propúxenlles que o demostrasen.
RINOCERONTE : Que boa idea, e como van as apostas?
VACA: Que apostas? Non apostamos nada.
RINOCERONTE: Sempre que hai unha carreira hai que apostar por un gañador, non?
VACA: Pois tes razón, pero aínda estamos a tempo. A carreira aínda non remata porque a liña de meta é esta, teñen que dar unha volta pola selva e volver.
(Os participantes da carreira continúan correndo e o tigre e o puma seguen pensando en gañarlle á suricata).
TIGRE: Seguro que cando pasemos esa ponte do regato a vemos, porque por debaixo da auga non vai ir.
PUMA: Tes razón, apura e escondémonos a ver se a vemos pasar.
(O puma e o tigre escóndense e cando escoitan un ruído tíranse a el).

TIGRE: Collinte!
PANTERA : Ai, tramposo, que fas?
PUMA: Intentamos gañar, non é nada persoal.
PANTERA : Pois con estas trampas non ides chegar moi lonxe.
(O tigre e o puma seguen correndo)
TIGRE: Xa, eu tamén, pero o importante é que xa nos queda outro menos.
(Os animais que se atopan na liña de meta comezan as súas apostas)
VACA: Amigos, achegádevos, imos facer as nosas apostas. Quen credes que gañará?
VÍVORA: Cal vai ser o premio para o gañador da aposta?
VACA: Unha fin de semana na Gran Poza con degustación de distintos manxares.
VÍVORA: Perfecto! Eu aposto polo tigre.
KOALA: Eu tamén, e voume deitar un pouco, cando acabe a carreira espertádeme, vale?
PONI: Eu tamén aposto polo tigre.
COBRA: Eu pola suricata.
CURUXA: Eu pola Xirafa.
CABALO: Eu pola suricata. Curuxa, douche un consello, cambia a túa aposta, a xirafa non ten nada que facer.
CURUXA: Non, non a cambio.
ANACONDA: Eu aposto polo puma.
GACELA: Eu pola suricata.
ÁGUIA : E eu tamén.
OSO PARDO: Eu polo tigre.
LOBO: Eu polo puma.
RINOCERONTE : Pois eu pola pantera.
LINCE: Eu polo leopardo.
HIENA: Eu pola pantera.
GORILA: E eu pola suricata.



VACA: Moi ben, xa fixestes todos as vosas apostas. Agora toca agardar para saber quen gaña.
(Mentres os animais apostan, os participantes seguen correndo)
TIGRE: O león vai alí, vainos gañar!
PUMA: Nin de broma! Correeeee!
(Os dous achégase ao León pero o tigre cae, o león colocara un tronco no camiño para descualificalos, pero mancouse nunha pata ao empurralo e tívose que deitar)
TIGRE: Ai, ai! a miña perna, ai, ai!
PUMA: Sinto tigre, teño que seguir.
(O puma alcanza o león e adiántao, mentres ve como sae da terra a suricata)
PUMA: Así que vas aí! Voute papar!
SURICATA: Atrévete!
(O puma tírase a suricata pero ela róeo na barriga, seguen pelexando e mentres tanto pasa a xirafa ao seu lado)

XIRAFA: Ata logo amigos! agárdovos na liña de meta.
(A xirafa corre soa os últimos quilómetros sen saber que xa non quedan participantes activos. Mentres, na liña de meta os animais seguen falando)
GACELA: Calade, mirade quen vO resto dos animais non cría o que estaban vendo, a única que sorría era a curuxa, pois acababa de gañar a aposta)
XIRAFA: Quedei cuarta, non?
GACELA: Non, quedaches primeira. Non viches os outros?
XIRAFA: Só adiantei a suricata e o puma que quedaban pelexando a uns poucos quilómetros de aquí.
VACA: Xa me parecía a min que estes algo argallaran.
(Uns minutos máis tarde aparecen o resto dos participantes, todos laiándose)
GACELA: Que vos pasou? por que vides todos feridos?
PANTERA: Xa ves, hai animais que non saben perder e fan de todo para conseguir os seus obxectivos.



TIGRE: Xa che dixen que non era nada persoal, pero tiña que intentar gañar. Perdóasme?
PANTERA: Perdoarei!
LEOPARDO: E ti, non podías pasar sen facerme unha das túas verdade, suricata?
SURICATA: Xa, e non me valeu de nada, porque a min tamén me traizoaron. Sinto leopardo! non volverá a pasar.
PUMA: Xa sei que eu tampouco me comportei ben, perdóasme?
SURICATA: Si, porque todos nos comportamos mal.
CURUXA: Todos non, a xirafa xogou limpo e gañou.
VACA: Moi ben, pois entón a carreira non cumpriu os obxectivos, non soubemos quen era o máis rápido por culpa das vosas trampas.
GACELA: Si, pero soubemos algo máis importante: cando queres alcanzar unha meta non importa o rápido que sexas, senón o legal. Vén aí! É a xirafa, vai gañar.
VACA: Non pode ser verdade! é máis rápida a xirafa cos felinos? non o creo!!
GACELA: Algo tivo que pasar.

Fin

O ASASINATO MINDONIENSE

- *CAPÍTULO 1*

O que aconteceu aquela noite de inverno faría cambiar para sempre aos veciños desta vila da mariña luguesa.

En Mondoñedo, todos os habitantes se coñecían e levábanse bastante ben, pero aquel suceso fixo que desconfiaran uns dos outros. A filla do alcalde aparecera morta, fora asasinada, pero descoñecíase a identidade do culpable.

Anacleta levábase moi ben con case todos os veciños da vila, agás co fillo do carpinteiro. Todos sospeitarían del se seguise vivindo en Mondoñedo, pero tivérase que ir por temas de traballo, polo que xa quedara descartado nun primeiro momento.

Para seguir lendo...

ALUMNADO 4º ESO

REGUEIFA

ESTE ANO NO INSTITUTO
LEDO ESTÁ O PROFESORADO,
CADA UN NO SEU SITIO
E TODO O MUNDO CALADO.

NON TE CREAS ISO MOITO
QUE ÁS VECES TAMÉN
MENTEN
SAEN Ó PATIO FUNGANDO
E DE REOLLO TE SENTEN.

SENTADIÑOS UN A UN
NA AULA ASÍ ESTAMOS
E NON TE MOVAS UN PELO
QUE UN PARTE XA LEVAMOS.

CHÉGANCHE TODOS BEN CEDO
CASE QUE UN CUARTO DE
HORA
PARA QUE CANDO CHEGUEMOS
NON DIGAMOS MÁIS CA UN
OLA.

OS MÉRCORES A PRIMEIRA
ENRIBA DA MESA ESTÁN
OS XORNAIS QUE NOS DEIXAN
AS PROFES DE CASTELÁN.

DESPOIS COSTA ATENDERE
E NON DIGAS ESTUDAR
FACER O ENCRUCILLADO
QUERIAMOS PREPARAR.

TODOS BAIXAMOS EN FILA
NADA DE ACHEGARNOS
MENUDA BRONCA NOS CAE
SE CHEGAMOS A TOCARNOS.

UNS ENTRAMOS POR DETRÁS
E OUTROS POR DIANTE
PARA CHEGAR Á AULA
DE MANEIRA MÁIS
TRIUNFANTE.

DEIXAR O PUPITRE LIMPO
E MENOS PEDIR NADA
CADA UN TRAER O SEU
MANTENDO A BOCA CALADA.

SAÍR Ó TABOLEIRO
É TODO UN EPISODIO
DESINFECTA BEN O LAPIS
E TENO DE RECORDATORIO.

AS CLASES LOGO SE PASAN
E MÁIS AXIÑA O RECREO
AÍNDA QUE PAREZA TODO
A FEIRA DE MONDOÑEDO.

ESTE ANO MOITOS TIMBRES
E TAMÉN VARIOS RECREOS
SEMPRE BEN SEPARADIÑOS
NON VAI SER NOS
CONTAXIEMOS.

O PEOR DE TODO FOI
NON IR Á CAFETERÍA
BOTANDO UNS BERRIÑOS:
TRÁEME UN DE TORTILLA.

NON TE QUEIXES MOITO AÍNDA
QUE AQUÍ TEMOS A SONIA
CO SEU CARRO SANLUQUEIRO
SUBINDO COMA UNHA NORIA.

ISO TAMÉN É VERDADE
ELA SEMPRE TRAE DE TODO
E NÓS NA FILA LOITANDO
PARA COLLER UN DE LOMO.

CANDO VOLTAMOS Á AULA
A VERDADE XA É BEN TARDE
E COA BARRIGA BEN CHEA
CÚSTANOS BEN TRABALLARE.

OS PROFES LOGO NOS RIFAN
E FALAN A MOITA
VELOCIDADE
XA NON SE LEMBRAN ELES
COMO FOI A SÚA MOCIDADE.

NA CLASE DE GALEGO
PUÑETAZO INTELECTUAL
E SE ME APURAS UN POUCO
DITADIÑO SEMANAL.

E POR HOXE MEU AMIGUIÑO
DIREICHE QUE A PESAR DE
TODO
AÍNDA O PASAMOS BEN
NESTE CENTRO DE MONDO .

ESPEREMOS REMATARE
O CURSO CANTANDO
NON PERDAMOS NUNCA AS
ANSIAS
E SIGAMOS REGUEIFANDO.

ESTE ANO FOI ASÍ
E PARA O ANO DEUS DIRÁ.
FALAREMOS EN SETEMBRO
QUE LOGO SE ACABARÁ.

Vídeo da Regueifa

BOTELLONES Y CULPAS EN MADRID

Botellón en Madrid durante la primera madrugada sin estado de alarma, el pasado 9 de mayo.DAVID EXPÓSITO

La gran mayoría debemos de estar de acuerdo en que la celebración del fin del estado de alarma que se produjo hace unas semanas en la capital española es inaceptable y traerá graves consecuencias, pero también deberíamos coincidir en que los jóvenes no son los únicos irresponsables de esta historia. Dejando de lado a las típicas personas que, debido al excesivo miedo que sienten por un posible contagio o a la negación de la mera existencia del virus, desarrollan teorías conspiratorias sobre el gobierno y el origen del parásito, todos deberíamos coincidir en la falta de profesionalidad e interés que han tenido el gobierno y las instituciones a la hora de frenar la pandemia. A donde quiero llegar es a que, si los propios jóvenes suelen tender a tener nulo interés en acatar órdenes y suelen guiarse por sus propios instintos, imaginémonos qué sucedería si añadimos a ello decisiones que carecen de total sentido por parte del Gobierno (intento de persuadir a contagiados en participar en las elecciones de Madrid el pasado 4 de mayo, permiso de entrada al país a extranjeros por razones turísticas, reuniones de los formantes de las principales instituciones gubernamentales con motivos festivos y totalmente innecesarios, etc.), un ejemplo pésimo por parte de la población adulta (sacar provecho de cualquier excusa para salir de casa por estúpida que fuera, nulo titubeo en irse de vacaciones en plena pandemia, etc.) y demás acciones ridículas que hacían que la situación actual no pareciera nada más que un mero chiste, es totalmente lógico y esperable que los jóvenes no se queden atrás a la hora de cometer actos que puedan aumentar el contagio de la enfermedad ya mencionada.

Nadie justifica la falta de responsabilidad de los jóvenes por el deseo de hacer algo tan innecesario como emborracharse, pero creo que antes de criticar a los jóvenes, cuya opinión tanto solemos infravalorar, deberíamos también juzgar las acciones del sector adulto de la población, ya que, después de todo, las acciones de los jóvenes no son más que reflejos de los valores que los progenitores les enseñan desde la niñez.

DAVID RIVAS AMOR, 1° BAC

O club de ciencias

Gustaríache formar parte da natureza?

Gustaríache ver animais, plantas e outros organismos e aprender sobre eles?
Algúns luns, en vez de ir ao comedor, ou á casa, quedámonos no instituto comendo. E despois, facemos a actividade planeada.

Este ano, quedamos tamén algunhas noites (aínda que non demasiado tarde) no instituto. E empezamos a buscar... sacabeiras!

Estes animaliños escóndense tras algunhas rochas, e, se miras ben, podes encontrar algunhas.

O noso primeiro obxectivo foi buscalas, capturalas (só uns poucos días) e facerlles fotos. Fixándonos nas súas distintas manchas, identificábamolas. Despois de soltalas, volveríamos a a facer a recollida, a arquivalas, e, finalmente, a comparalas.

O que compararemos serán as fotos das primeiras sacabeiras capturadas coas fotos das segundas. Se moitas coinciden, iso significará que non hai demasiadas, xa que recollemos as mesmas. En cambio, se hai moita variedade, é que hai bastantes sacabeiras rondando polo noso centro.

Anímaste a descubrir máis? Proba a unirte ó noso club de Ciencia e... aprende!

Mara Reyes Vidal – 2ºESO A - 25/05/2021

Programa de radio

ECONOMISTAS NA ONDA

Os alumnos do IES San Rosendo estabamos acostumados a que todos os anos nos viñeran introducir o curso seguinte cun resumo sobre que materias deberiamos escoller, para guiarnos un pouco sobre o noso futuro, pero coa chegada da COVID-19 isto non foi posible. De feito, case todos os alumnos de 4° de economía a escollemos porque non nos gustaba a outra opción ou se nos daba mal, mais non sabiamos moito de que ía.

Cando chegamos á nosa primeira clase de economía desesperámonos un pouco, xa que a maioría non tiñamos ningún tipo de coñecemento sobre esta área e a gran parte dos temas que Lucía nos explicou que iamos aprender eran totalmente novos. Despois duns días, collemos máis confianza entre nós e pouco a pouco e con traballo aprendemos aspectos esenciais desta disciplina que sempre escoitabamos na tele, nas conversas dos nosos familiares ou incluso en carteis, pero que nunca chegaramos a comprender ben, ata este ano.

Algúns exemplos poden ser: a cuestión dos impostos ou dos diferentes pagos que calquera familia ou persoa debe afrontar; a función do Estado na sociedade, que nos aporta, en que inviste ou como consegue diñeiro; como funciona o mercado e que tipos hai. Quen non se preguntou algunha vez que significaban as letras SL ou SA nos nomes das empresas?, ten que ver co que fabrican?, co nome dos fundadores?, é simplemente un adorno? Pois este ano nós aclaramos estas e moitas dúbidas máis sobre a economía, tanto a nivel mundial como internacional, local, municipal, empresarial... Ademais, aprendemos a manexar un pouco a nosa economía persoal. É obvio que dicir todo o que aprendemos nunha páxina é imposible, pero cremos que os rapaces deberiamos ter máis coñecemento sobre todo este mundo da economía e das finanzas que nos envolve.

De todos os coñecementos que adquirimos neste curso, o que máis nos gustou foi poder intervir nesas conversas e debates que moitas veces se manteñen en reunións ou comidas, pero que sempre evitas por non ter coñecemento sobre o tema. Agora podemos aportar a nosa opinión dando argumentos e razoando as cousas, sobre todo actualmente co tema da COVID e as súas consecuencias na economía, como os ERTES ou as consecuencias do peche do sector da restauración.

O proxecto na Radio

Cando a profesora nos dixo de facer unha locución na radio pareceunos algo difícil, xa que era a primeira vez que iamos traballar con esta ferramenta.
Empezamos a organizarnos e a buscar información sobre o primeiro tema a debater, que era a fenda salarial, teito de cristal e todas as desigualdades que existen debido ao xénero.

Ao principio costounos moito acostumarnos a falar diante dun micro, e máis sabendo que todo o que estabamos gravando o ían escoitar outros.
Con todo, esta primeira gravación levounos dous días por mor dos nervios e da novidade, xa que nos daba a risa, nos perdiamos ou nos equivocabamos e non sabiamos seguir. Tivemos que cortar e volver a comezar unhas cantas veces. A pesar de todo, despois dunhas cantas probas, tomas falsas e risas todo foi saíndo. Incluso aprendemos a comunicarnos mentres gravabamos, xesticulando e escribindo anotacións en folios; así ninguén nos oía a través do micro e podiamos preguntar a opinión dos demais, para engadir ou corrixir algo. Esta foi unha das mellores partes, porque unha vez que collemos un pouco de soltura, todo foi bastante improvisado, ocorríansenos novas ideas e diciámolas, cortabámonos uns aos outros ou aportabamos a nosa opinión a cerca do que os nosos compañeiros dicían.
Un tempo despois, a profesora volveu a ofrecernos a opción de volver á radio cun novo tema: A Unión Europea. Despois da experiencia da última vez aceptamos sen pensalo. Debatemos sobre a saída do Reino Unido da Unión Europea, globalización, unión monetaria, vantaxes e desvantaxes de pertencer á UE, de ter o euro...
Como xa tiñamos práctica este só nos levou un día gravalo, aínda que os erros, as risas e as tomas falsas non faltaron aquí tampouco. Isto todo poderedes escoitalo dentro de pouco.
Para ir rematando, só queda engadir que foi unha experiencia que nos encantou a todos, este método parécenos unha forma moi divertida, orixinal e interesante de aprender e traballar contidos. Animámosvos a falar na radio sempre que se vos presente a oportunidade, deixade de lado a vergoña e presentade as vosas maneiras de pensar, ideas e traballos para dar voz ao noso instituto e través da radio "O Son da Paula".

Sara García Álvarez, Iván Cendán Verdes, Adriana Polo González, Adriana González de la Barrera, Elisabeth e Nerea Cortiñas Iglesia.

ACCEDE AO PROGRAMA DE RADIO






REDESEÑANDO MUNDOS

No 3º trimestre, en 2º ESO, fixemos un proxecto chamado "Redeseñando mundos" coa *Axencia Galega de innnovación a través do CIS tecnoloxía e deseño.*
Consistía na creación dun obxecto. Para esta creación, pasamos por varias fases: empatización, definir o problema, o "insight", brain storming, idear, prototipar e testar.
Cada unha destas fases son necesaria para a creación de obxectos na indústria.
Este traballo fixémolo en grupos de dous, tres ou catro persoas. Despois fixemos a presentación, para iso usamos canva ou genialy, que son dúas aplicacións nas que podíamos traballar en grupo sen necesidade de xuntarnos.
Usamos tinkercad, unha aplicación de deseño 3D, para facer o deseño dos prototipos.
A continuación, a nosa profesora Fina, imprimiunos os predeseños na máquina 3D.
Algúns grupos tamén fixeron o predeseño con cousas da casa.
Ao rematar o proxecto expuxemos a presentación de cada obxecto na clase.






O traballo en grupo

Pareceunos xenial, estivo moi ben para axudarnos a traballar con máis xente, sen ser coa que falamos todos os días, persoas que coñecemos dende a infancia e coas que quizais nunca falamos, por iso, ao mellor grazas a estes traballos podemos coñecelas e levarnos mellor. Axudounos a aprender a falar en público sen vergoña, a manexarnos con novos programas informáticos, como Tinkerkat e Canva, e sobre todo a organizarnos. Nestes traballos tiñamos que ir anotando todos os días no caderno o que faciamos; repartir os traballos, xa que non podiamos estar un grupo de catro facendo unha cousa moi sinxela ao mesmo tempo, tiñámonos que organizar para que nos dera tempo a facer o traballo en prazo. Tamén nos ensinou que hai que intentar poñerse de acordo, non sempre o que nós dicimos ten que ser o mellor. Todas as ideas poden ser válidas, por iso, hai que respectar as ideas dos demais, e non tachalas sen pensar nada máis. É unha forma de expresar distintas ideas, xa que calquera idea pode valer para algo. Os traballos en grupo axúdannos a ir mellorando coa axuda dos compañeiros. Aprendemos tamén que nun traballo ten que haber diversidade para poder ir mellorando a idea inicial e darlle novos enfoques.
Estivo moi ben facer estes proxectos porque traballamos por grupos e aprendemos uns dos outros. Observamos que é necesario que haxa diferentes puntos de vista e ideas para así poder mellorar unha idea común. Tamén é necesario ter algo de autocrítica e ver que ideas poden estar mellor e que ideas non van ter futuro. Non sempre a nosa idea é a mellor.

Alumnnado 2 ESO-Tecnoloxía

As rapazas nas tic

O 22 de abril celebrouse o día internacional das rapazas nas TIC.
Todos os anos o CESGA invitaba aos centros a ir ao Centro de Supercomputación de Galicia, pero este ano debido á situación provocada pola COVID, os alumnos presenciamos unha videoconferencia.
Tivemos a oportunidade de coñecer a catro mulleres que nos ensinaron todo o que a tecnoloxía podía aportar á nosa vida.
As invitadas este ano foron: Beatriz Paz Santalla, que estudou enxeñería de telecomunicacións na universidade de Vigo; Ana Freire, enxeñeira e doutora en informática; Úrsula Martínez Álvarez, enxeñeira aeroespacial; e Verónica Bolón Canedo, doutora en informática.
Contáronnos a súa experiencia nas TIC e todos os proxectos onde se foron embarcando ao longo dos anos.
Exemplos como estes son moi importantes para animar ás nenas desde pequenas a adentrarse no mundo das tecnoloxías e para lograr unha maior igualdade de xénero en todas as ciencias.

Uxía García e Raúl López, 4º ESO B

Nesta charla participaron o alumanado de TIC de 4º da ESO: Fernando, Fran, Joel, Luca, Bruno, Julián, Raúl, Uxía, Paula, Noel, Iria, Adrián, Nerea, Iván, Laura, Claudia e Carmen, coa profe de TIC Fina. E tamén, as alumnas de Tecnoloxía Industrial de 1ºBAC: Antía Neira, Romina, Carolina e Lúa.

Bota un vistazo aos vídeos realizados na materia de TIC.

CARPETAS VIAXEIRAS

Este debería ser o 4º ano das **CARPETAS VIAXEIRAS**, pero non puido ser. Pode que haxa alguén que aínda non saiba que son as Carpetas Viaxeiras do noso centro. Imos explicar que son e como funcionan.
Trátase dun proxecto que pretende achegar a arte ás familias do instituto, levando cada 2 semanas unha carpeta ás familias que as acollen. En cada carpeta viaxan 5 obras diferentes de todas as épocas e de todos os continentes. Cada obra vai impresa en tamaño A4 coa súa explicación correspondente: autoría , data, lugar, arte, técnica empregada e análise da obra.

Contamos con tres bloques diferentes: escultura, pintura e arte de calquera especialidade plástica feita por mulleres.
Os anos anteriores tiveron moi boa acollida entre as familias e descubrimos que hai verdadeir@s artistas nas familias. Por que o descubrimos? Porque cada carpeta dá a oportunidade ás familias de facer algo relacionado con algunha das obras que lles tocou esa semana: debuxar, pintar, facer unha foto, escribir un texto, etc. Que grandes debuxantes temos! Lemos textos de gran calidade e soubemos de moi bos fotógrafos e fotógrafas.



Os anos anteriores rematamos cada curso cunha exposición das obras recollidas e con agasallos para as familias máis participativas e para os artistas de máis calidade. Houbo alumnado do centro que fixo as súas propias obras, pero tamén papás, mamás , irmáns maiores ou menores , primos, etc. Botamos moito de menos a emoción de abrir as carpetas e ver que había dentro cada semana.

O COVID tamén modificou isto e vímonos obrigadas a non mandalas a casa neste curso para evitar a posibilidade de contaxios. Aínda así , non quixemos deixar de achegar a arte ás familias, por iso mantivemos aberta a nosa conta de Facebook CARPETAS VIAXEIRAS IES SAN ROSENDO: compartimos vídeos, obras de todo tipo de artistas, información sobre exposicións, documentais, películas relacionadas co tema, efemérides do día, etc. Convidámosvos a entrar na nosa páxina Facebook e seguirnos.

ALUMNADO DE PT

Os alumnos que asiten á aula de Pedagoxía Terapéutica de 2º ESO- A e 3º ESO-A realizaron unha entrevista coa finalidade de dar a coñecer o oficio de gandeiro coa man de Noemí Huertas Fornos e Cristian Seco Carracedo, ambolosdous fillos de gandeiros.

Con esta actividade vimos as similitudes e diferenzas da gandaría de leite e da gandaría de carne. E tivemos tamén unha grata sorpresa cara ó final da entrevista, xa que un alumno atreveuse a cantar unha marabillosa regueifa.

Hoxe tivemos connosco,
a cinco alumnos de 2º da ESO.
Fixéronnos unha boa entrevista,
do gando vacún de leite e de carne.
Vimos que no San Rosendo
traballamos regueifando.
Pasámolo moi ben aquí
na radio, O son da Paula.

Escoita aquí o podcast

En Castelán....

La mujer que admiro
Nerea Cortiñas 4º ESO

Homenaxe a Rosalía cos audios do alumnado de 4º ESO

XELA ARIAS

Xela Arias naceu en Sarria en 1962, foi inscrita como María de los Ángeles porque daquela non se podía poñer os nomes en galego. Foi a primoxénita de Valentín e Amparo.

Trasládase a Vigo en 1969 Valentín Arias López, asume o cargo de xerente da Editorial Galaxia. Estuda no Ceip Sárdoma Moledo e no IES Castelao. En 1973 gañou o 1o premio de contos infantís O Facho.

Ó rematar o bacharelato comezou a traballar na editorial Xerais, onde desempeña funcións de correctora de estilo e tradutora. Decide non presentarse aos exames de COU, conecta cos discursos críticos que naquela altura cuestionaban a formación académica e plasma a súa ansia de independencia: “tiña moi interiorizado o anceio de independencia

Despois de dez anos de traballo na editorial Xela Arias decide retomar os estudos. No curso 91/92 comeza os estudos de Filoloxía hispánica na Universidade de Vigo.
Exerceu por primeira vez no Ies Terra de Xallas en Santa Comba.

Escritora, tradutora, editora e docente, toda a actividade da poeta gravita arredor das palabras. O idioma é a arxila que moldea a vida de Xela Arias. En 1982 Xela Arias comeza a publicar os seus poemas.

No ano 1986 publica Denuncia do equilibrio na colección Ventobranco de Edicións Xerais. Afástase da “estética dominante e canonizada” poesía dos oitenta.



Tigres coma cabalos (1990), o seu 2o libro, co que abrirá a nova década. Son 48 fotos en branco e negro e 48 poemas. Os poemas revólvense contra a “orde establecida”, fixouse nos corpos espidos.

Xela Arias casara en 1992 co matemático e fotógrafo Xulio Gil Rodríguez con quen tiña unha relación desde 1988. O seu fillo nace en 1994. Da experiencia da maternidade abrolla Darío a diario(1996). O libro ten vocación de diálogo colectivo arredor da maternidade e as súas mitificacións e desvela ao tempo á autora na súa propia experiencia afastada das idealizacións da sociedade patriarcal.

En xuño de 2003 sae do prelo Intempériome, un rotundo e lúcido libro negro que condensa as liñas máis persoais da súa escrita. Ábrese con dúas citas: “Desobediencia, pola túa culpa vou ser”, que procede dunha pintada, e “Donde todo termina abre las alas” da escritora Blanca Varela. Xela Arias escolle unha posición estrema para a escritura e constrúe unha poética que desafía os moldes convencionais. Está xa en Denuncia do equilibrio e formúlase cada vez máis nítida e depurada ata Intempériome onde irradia todo o libro. Reclama a liberdade, cuestiona a alienación, a asimilación, insta a aventurarse, ironiza coas conquistas do escaparate, reclámase intempestiva .

Xela Arias falece o 1 de novembro de 2003. Preparaba co músico Fernando Abreu o proxecto poético musical “Vencerse é cousa de se tratar” arredor do seu último libro.

Escoita o programa que gravou o alumnado de 4ºESO froito dunha colaboración entre Lingua Galega e TIC.

Tamén podes descargar a APP que fixo o alumnado de 1 de BAC con vídeos e audios que maquetaron i editaron eles na materia de TIC.

O SON DA PAULA

Neste curso botamos a andar a nosa radio con moita ilusión. Aquí tedes unhas fotos das formacións que fixemos ao longo do curso para profes e alumnado e primeiras gravacións.

LA VIDA EN EL CENTRO

Club de lectura da granxa

A EDUCACIÓN FÍSICA EN TEMPOS DE COVID

No primeiro trimestre traballabamos con esteras e antes de cada clase quentabamos e estirabamos.

Faciamos exercicios de cardio e ioga cos vídeos dunha youtuber canadense chamada Heather Robertson. Á fin de cada clase, para relaxar os músculos, xogabamos todos xuntos (aínda que tamén nos servía de desculpa para botar unhas risas).
Pero neste primeiro trimestre tampouco foi todo traballo físico, tamén tivemos que estudar un pouquiño para facer un pequeno exame sobre a Condición Física.

No segundo, xogamos ao Floorball. Para iso tiñamos que golpear unha pelota cun stick ata conseguir metela na portería do campo contrario. O gañador era o equipo que máis goles lograra meter ao equipo "rival".

Tamén bailamos un pouco xa que, en equipos de 6, tivemos que organizar unha coreografía: apuntar os pasos nunha folla para, logo, ao ritmo da música que previamente escolleramos, inventar o noso baile tomando como referencia uns pasos que viramos antes.

Xa para rematar, nestes últimos tres meses xogamos ao bádminton e descubrimos que o truco para conseguir anotar un punto está en golpear, de forma moi precisa, o volante coa raqueta.
Así mesmo, aprendemos sobre primeiros auxilios, algo que nos pareceu moi útil e interesante.

Opinión persoal

Este ano foi novo para todos e ao que non estabamos afeitos. Aínda así, a medida que foron pasando os días, logramos acostumarnos á situación (en gran medida porque sabiamos que era pola nosa seguridade e que non tiñamos outra opción).

Démonos conta de que, aínda cunha máscara que non nos deixaba ver as caras e que dificultaba a respiración, fomos capaces de xogar, rir, aprender e, sobre todo, divertirnos facendo deporte, algo que tampouco sería posible sen a axuda do noso profe Diego, que fixo as clases máis amenas.

Aínda que este ano non estivo mal, esperamos que para o curso seguinte a COVID dea algo de tregua e poidamos vir á clase sen máscaras ou, polo menos, non ter que usalas para facer exercicio físico.

Iria Rodríguez Ares e Carmen Otero Díaz, 2º ESO B

AMAR A MAR

Este ano o noso instituto colaborou co Museo Provincial de Lugo para un proxecto chamado ***Amar A Mar***.
O alumnado tiña que sacar unha foto das mans e da cara dunha muller que fose importante para o alumnado, e que fose de Mondoñedo.
A exposición estivo no Centro Comarcal de Mondoñedo, e algunhas clases puideron ir visitala co profesorado.

Se queres saber máis do proxecto non deixes de escoitar o programa do Son da Paula sobre a exposición.

RELATOS DERIVAS

Actividade organizada pola Rede Museística Provincial de Lugo a partir das fotografías da exposición DERIVAS do fotógrafo laurentino Nacho Castro, Nachok.

Estes son dous dos exemplos de relatos do noso alumnado. Esperemos que vos gusten.





Cousas da Casa

Cousas do IES que queremos expoñer en forma de fotografías das efemérides que celebramos no centro

25N

8M

DÍA DE LORCA EN GALICIA

Escoita aquí a montaxe de video e son que fixeron o alumno Alex Barreira e o noso ex-alumno Pablo Maseda

MENSAXE DO APALPADOR

Escoita aquí a mensaxe de vídeo que nos deixou o apalpador, que debido á COVID non puido vir ao centro.

O ENTROIDO

DÍA DA TERRA

1ºESO

3ª ESO

If i were.....

DÍA DO LIBRO

E celebrámolo lendo...

Clase de 3 ESO A

Clase de 4 ESO

CONECTAMOS CON SONIA VILLAPOL



A pesar da súa axenda tan apretada, finalmente o luns 3 de maio pola tarde tivemos a sorte de poder contar coa eminente neurocientífica Sonia Villapol, mediante videoconferencia para todo o alumnado.
Sonia púxonos ao corrente das novidades na investigación do coronavirus, na que ela participa, destacando que aínda queda moito camiño por percorrer dado que non deixan de aparecer efectos secundarios derivados da enfermidade SARS-CoV-2, tanto no eido da Neuroloxía coma noutros eidos, que haberá que seguir estudando para poder poñerlles remedio. Outra parte na que fixo fincapé foi nas medidas de precaución que debemos seguir practicando para tratar de evitar contaxios: uso correcto da mascarilla, boa ventilación, evitar aglomeracións,... e ter en conta que a transmisión é principalmente vía aérea.
Tamén nos contou un pouquiño da súa biografía e experiencias en Houston (EE.UU.), onde vive e traballa desde hai xa uns anos, aínda que naceu moi pretiño de nós, en Bretoña (A Pastoriza).
Grazas, Sonia, polo teu tempo e por responder a todas as preguntas que che enviaramos. Ten por seguro que aprendemos moito cunha presentación tan amena e didáctica. Pasou o tempo voando, así que xa quedas invitada para, cando poidas, virnos visitar, estaremos encantados de recibirte.

Un cariño para Luz

Hoxe, lémbrome da túa presenza,
das túas clases en galego.
Pensando en ti,
todo se enche de bos recordos.

Antía Neira Fraga 1º Bac

Nas nosas aulas un recordo sempre permanecerá, da nosa querida profe Luz, que en nós sempre estará

Rebeca López 1º Bac



Unha persoa especial, única e inolvidable.

Diego Rivas 1ºBac

Moitas grazas por ensinarnos tanto nos anos que nos deches clase e por ter tanta paciencia con nós!!

María Cendán 1º Bac

Luz, sempre e ata sempre seguiremos sendo os teus pitiños.

Uxía Carballal 1º Bac

Luz, grazas por ensinarme a amar a nosa lingua.

Antía Iglesias 3º ESO

Luz, co teu sorriso e coa túa arte para ensinar, alumnos coma min aprendemos a querer e a valorar máis o noso idioma. Nos tres anos que botei ao teu carón, nunca deixaches de crer en nós e animarnos para loitar polos nosos soños. Fuches unha profesora excelente e douche as grazas por iso!

Nayara Campo 1º Bac

Foi unha pena non poder despedirnos debido ás circunstancias, pero isto non é un adeus. Oxalá os nosos camiños volten a cruzarse, aínda que sexa por unha casualidade... Un pracer coñecerte e moita sorte nesta nova etapa.

Antía Gutiérrez 3º ESO

Que mágoa que non nos puideramos despedir o ano pasado! Quería agradecerche todo o que fixeches por todos nós, especialmente por min, grazas por eses coñecementos que nos deches sobre o galego e as túas vivencias, grazas por todo.
Oxalá nos poidamos volver a ver cando todo isto pase.
Unha aperta enorme, e outra vez máis, grazas.

Marta Vidueira 3º ESO

....E para Cris

Se hai algunha persoa á que eu teño en estima desde que a coñezo é Cristina Arango. Se preciso dun consello ou dun apoio como profesional aí está. Se quero atopar un exemplo inspirador é a ela a quen miro.
Son moitos os cualificativos que se lle poderían aplicar: discreta, boa compañeira, reflexiva, vocacional... E aínda que todos a definen, non poderiamos dicir que a lingua baste para abarcar toda a súa esencia. Quizais a poesía podería axudarnos un pouco, así que botando man duns versos de Antonio Machado diría que Cristina é aquela camiñante que fai camiño ao andar, un camiño que foi seguido por moitos dos que pasaron polas súas mans e espero que tamén por todos aqueles que tivemos a sorte de compartir o noso decurso persoal e profesional con ela.

Departamento de Língua Castelá

1º ESO A

1º ESO B

2º ESO A

2º ESO B

2º PMAR

Alumnado PT

3º ESO A

3º ESO B

3º ESO C

3º PMAR

4º ESO A

4º ESO B

1º BACHARELATO

2º BACHARELATO

2º BACHARELATO A

2º BACHARELATO B

1ª Promoción Pluribach

DESPEDIDA 2ºBAC 2020/2021

Buenas tardes. BOAS TARDES, DEIXADE DE LAREAR!

En primer lugar, perdonad que no empiece saludando a nadie de los presentes, pero como alumna el no poder ver en este acto a nuestros familiares más allegados; eso me ENTRISTECE. Aunque hubiese sido con MASCARILLA, las VENTANAS ABIERTAS, un montón de GEL HIDROALCOHÓLICO, y respetando la MALDITA DISTANCIA DE SEGURIDAD, lo que más felicidad me produciría en estos momentos sería ver entre los presentes a mi familia, al igual que a vosotros. Bueno ni que decir, que dentro de unas horas en la "CENA" no se me ocurriría llevarlos. Si alguno de nosotros de camino a este salón de actos nos hubiésemos cruzado en el pasillo con una alumna o alumno de primero de la ESO, creo que todos coincidiremos en pensar: E ESTE PÍCARO, ANDA PERDIDO?. Pues probablemente lo esté si, así éramos nosotros hace seis años, después de los cuales nos hemos convertido en los jóvenes de una nueva generación. Hoy acaba una etapa de sufrimiento, pero también de alegría; y que mejor manera de acabarla que recordando alguno de esos buenos momentos con nuestra compañera Vicky.

Gracias, Abeba.

Ó chegar ó instituto naquel 2015, os nervios, o medo e o descoñecido apoderáronse de nós. Pero foi ese o momento en que empezamos a construir a comunidade que somos hoxe en día. Xa desde o primeiro ano, podemos empezar a lembrar os nosos grandes momentos. Recordan con emoción que, aínda que a metade da familia quedou sen Entroido, a outra metade si que puido exhibir o seu disfraz de hawainos. Despois chegou segundo, e a mesma metade volveu quedar sen Entoido. Pero a onde todos foron e onde crearon bonitas experiencias e grandes recordos foi nos Peares. En 3º, CHEGUEI EU. E foi un curso de cambios. Cambiaron o ritmo e intensidade de traballo, algúns profes e nós. Foi entón cando comezamos a marcar a nosa personalidade de grupo e cando se iniciou o período máis intenso e de máis complicidade con proxectos como o ERASMUS e a viaxe a Andorra. 1E veu 4º, aclamado por votación o mellor curso de todos. A ilusión que levabamos nas nosas viaxes a Andorra e a Londres e coa que volvemos, cargados de anécdotas das que nos seguimos rindo hoxe, como cando perdemos a parada do barco con Pavón e tivemos que ir andando ata a Catedral de San Pablo. Tamén a excursión ó Courel, na que mantivemos a Pedro e a Pavón desvelados toda a noite. Xa no Bacharelato, 1º será recordado pola chegada do Coronavírus. En marzo tivemos que separarnos e adaptarnos a un sistema completamente distinto ó que estabamos acostumados, coas dificultades que iso supuxo para todos. Pero se houbo algo que marcou 1ºBAC non foi o COVID, foi o perreo de Xaquín e Noé na clase de galego, que lles valeu un positivo de Paz. Por sorte, puidemos comezar e rematar 2º todos xuntos. Se xa era un curso duro de por si, nestas circunstancias requiriu un esforzo constante aínda maior. Se tivésemos que sintetizalo nunha frase sería a da nosa profe de inglés "LIFE IS HARD". Podemos estar felices de ter superado as dificultades e sentirnos orgullosos de conseguir os nosos obxectivos.

Yo llegué tan sólo hace 8 meses, asustada pensando que no iba a hacer amigos y que me sentiría fuera de lugar en todo momento; pero vosotros habéis sido capaces de integrarme como una más, sin mostrar ni una diferencia, como si llevara toda la vida aquí. Y de eso tenéis que estar orgullosos, orgullosos de lo que sois, somos, una gran familia acogedora, cariñosa y unida aunque a veces haya problemas, porque ¿qué hermanos no se han peleado alguna vez?. Ahora haced un ejercicio conmigo, mirad a vuestros compañeros y amigos que tenéis a vuestro lado con una gran sonrisa porque ellos han sido los que han estado ahí en toda esta etapa y los que espero, que estén en la próxima. Me ha hecho mucha ilusión formar parte de esta experiencia tan bonita que vivimos aquí y ahora a disfrutar que es lo que nos merecemos chicos, empezando por hoy ya. Bueno y ahora quien no quiera llorar que se venga conmigo.

Como xa sabedes, este instituto goza dun gran prestixio. Unha sona que nace na xente que lle da vida ó San Rosendo: nos alumnos, no equipo docente e non docente e, por suposto, nas nosas familias.

Este ano, a situación obrigounos a renunciar a moito: á nosa viaxe de fin de curso xuntos, á meirande parte das actividades que tiñamos planeadas e a toda mostra de agarimo. Non obstante, non houbo día en que non risemos por algo, rir ata chorar.

Queremos que saibades que somos conscientes da sorte que temos con todos vós.

A sorte de ter a Sonia, que sempre intentou complacernos e axudarnos en todo, a Paco, Suso, as Anas, Rosario ou Jose, sempre dispoñibles parabotarnos unha man.

Fomos moi afortunados ó longo destes anos, con profes que se esforzaron ó máximo para prepararnos, como AnaRo co seu "A la buena de Dios, Martínte tocó" ou Elisa, a quen sempre lembraremos con cariño.

Tampouco esqueceremos o afecto que recibimos de Lucía de Música, despois destes anos sendo os seus "niños".

Somos coñecedores da sorte que significa ter a Paula, unha profe de debuxo cun talento brillante e unha vontade infinita de axudar, ou a Emilio, que sabe máis cós libros.

Tamén sabemos a sorte que hai en ser alumnos dun profe de bio coma Andr s que non ten un pelo de tonto e nunca se cansa de recordarnos que somos os mellores e que podemos con todo; de Carlos, que, por máis que o intentou, aínda non conseguiu que apagásemos a radio; Ou de Fina, Chemistry teacher and English student, yes or no?

Somos conscientes da ventura de ter a María de Física, Carmen Doural e Carmen de Francés, que nos demostraron a súa paciencia infinita e apoio en canto fixemos; así como a Mar, cuxa empatía robustece a intención de acadar os nosos soños. Tamén debemos dicir que os alumnos de Maite e Esther non deron atopado os métodos para expresar o contentos que estiveron con elas.

Somos moi conscientes do privilexio que significa ser alumnos de Pedro, o mellor profe de Historia de España de ESPAÑA.

Non esqueceremos o afortunados que fomos por ter a Dolores, que nos deixou as súas clases para organizar todo isto.

Sinto que eu tiven unha sorte moi especial coa miña queridísima profe de latín, Pilar, con quen levo compartido tantos momentos inesquecibles.

Debemos destacar a fortuna de ter a Ana Belén, que se embarcou con nós no Pluribac, un proxecto que distingue e eleva a este instituto, no que a vimos implicarse ó 100% para que tanto o IES, coma nós contásemos con esta titulación especial.
En definitiva, estamos moi agradecidos de que sempre mirárades por nós, de pasar esta etapa rodeados de grandes profesionais, excelentes persoas que fixestes do ano máis difícil un dos mellores, dándonos todas as facilidades que puidestes.
Estamos moi agradecidos de contar cunha directora coma Mariajo, que a pesar das circunstancias, se molestou en organizarnos un día especial para que puidésemos levar este último recordo do noso instituto, aínda que apenados por non poder ter aquí os nosos familiares.
Comezaba Abeba dicíndoo e con toda a razón, porque nós non poderiamos facer os esforzos que facemos nin conseguir o que conseguimos se non tivésemos detrás o apoio incondicional dos nosos seres queridos, que nos repaldan e amosan o seu orgullo día a día. Por iso, aínda que entendamos que a situación non o permite, non significa que non sexa duro para nós non ter hoxe aquí o noso pilar fundamental, nosas nais, nosos pais, irmáns e irmás, todos aqueles que nos acompañaron no proceso, pero que non poden asistir á celebración. Eu non me imaxinaría hoxe aquí se non fose por meus pais e meu irmán, a quen lles debo moito do que sei e do que son. E este sentir é tamén o dos meus compañeiros.

Eu cheguei en 3º da ESO e recibín a mellor das acollidas. E coma min, en distintos momentos, todos os que hoxe nos graduamos. Independentemente de que levemos 6 anos, 4,1,8...todos sentimos que deixamos aquí unha segunda casa, unha familia. Porque esa é a verdadeira esencia do San Rosendo, un instituto que acolle a todos cos brazos abertos, pero que realmente nunca despide a ninguén. Entre estas paredes forxamos amizades e vivimos todos eses momentos fóra do estrictamente académico, que indudablemente influíron no que somos e seremos.
Agora tócanos medrar. Aínda que estamos felices de rematar a nosa etapa aquí e de seguir evolucionando, sentimos moito ter que marchar, ter que marchar sen nin sequera poder darvos un abrazo. IMOS BOTAR MOITO DE MENOS ISTO.
O ÚNICO QUE ESPERAMOS É QUE O BO RECORDO QUE NÓS SEMPRE LEVAREMOS, QUEDE TAMÉN EN VÓS.
O SAN ROSENDO SEMPRE SERÁ A NOSA CASA E NÓS SEMPRE SEREMOS DO SAN ROSENDO. A onde queira que cheguemos é un
orgullo e unha honra poder dicir que partimos do IES San Rosendo de Mondoñedo.
A título persoal, quero dar as grazas ós nosos compañeiros. Para min é un regalo que puxerades nas miñas mans algo tan especial como o discurso de despedida. Deséxovos de corazón que teñades a maior das fortunas nos camiños que decidades percorrer. Pasei aquí catro dos mellores anos da miña vida e iso débovolo a todos vós, profes, compañeiros e amigos.
Multas gratias omnibus, quod felicior quam fuit esse non potuissem.
Moitas grazas a todos, porque non podería ter sido máis feliz do que fun.

Non podíamos marchar sen facerlle unha homenaxe a unha das mellores persoas que a vida nos regalou, o noso profe de Historia da Arte.
Querémoslle agradecer a Pavón que sempre buscara o mellor para nós e que fora o primeiro en apoiarnos nos nosos proxectos, co afecto e a cercanía que constantemente nos demostrou.
Facíanos moita ilusión acabar o Bacharelato coa viaxe a Roma. Non puido ser, pero prometemos volver para ir contigo a onde faga falta. Nunca olvidaremos ó noso mellor compañeiro de viaxe, coas nosas anécdotas en Londres, no Courel ou mesmo en Mondoñedo, porque fixeches de cada
momento un agasallo.
Cando falabamos de que o martes era o mellor día, sempre salía o comentario “fáltalle historia da arte”.
Desde que empezou o curso, pasábamos os díasesperando polas túas clases.
Esas clases nas que te fomos convertendo nun profe súper tecnolóxico e nas que Marta viviu baixo a amenaza constante de ir para a aula de convivencia.
Ter un profesor coma ti é unha marabilla. Pero, non debemos esquecer que ó lado de todo gran home, hai unha gran muller. Pavón non sería Pavón sen Carmen, por moito que pida que a de matemáticas borre os números.
Conseguiches que aprendésemos moitísimo pasándoo xenial.
Os teus alumnos de Historia da Arte agradecémosche de corazón todo o que fixeches por nós.
E, como sabemos que nos vas botar de menos, para que te acordes de nós, trouxémosche un obsequio. Aínda que primeiro nos dixeches que o ías tirar pola ventá, despois que o ías tirar ó contenedor e, xa sumido na desesperación, que llo ías tirar ás pitas; Isidoro tiña que estar presente.
Mereces TODO polo felices que nos fixeches. Querémoste moito!!

PAVÓN

Promoción IES San Rosendo 2015/2021

Premio Voz Natura

Este curso tamén se participou en Voz Natura e logrouse o Premio provincia de Lugo do programa de educación medioambiental Voz Natura, curso 2020/2021, ao noso centro polo traballo realizado baixo o título: **O Camiño de Santiago coma Corredor Ambiental no Concello de Mondoñedo.**

Para desenvolver o proxecto, necesitábase un importante punto de partida, e aproveitando que o ano 2021 é ano Xacobeo, xurdiu coma berce para satisfacer dun xeito eficiente, as necesidades educativas do alumnado do noso centro, mellorar a nosa práctica docente, conseguir a integración das diferentes etapas educativas dos Ciclos Formativos, dar resposta ás demandas de atención do alumnado e deseñar a formación que queriamos acadar para adaptar aos contidos que queriamos transmitir.

Por todo elo analizamos a contorna do noso centro e centralizamos as distintas actividades e necesidades axustándonos á realidade circundante.

O traballo de campo levouse a cabo de xeito individual e grupal para incidir na relación entre o hábitat e a experiencia persoal do alumnado e ao mesmo tempo coma unha experiencia colaborativa. Realizáronse saídas para a recollida de material fotográfico, faunístico, florístico,... e todo elo empregando un seguimento dixital.

Como non podíamos saír do centro uníronse forzas e se solicitaron dous plans PROXECTA, Paisaxe e Sustentabilidade e o Fitofaladoiro. Con estes dous proxectos o que se intentou foi afondar no propio camiño de Santiago e os seus valores botánicos y paisaxísticos.

Pero iso non foi todo, senón que se incorporou a Miniempresa adicada á decoración de grandes espacios, Arte Floral San Rosendo. Empregnado materiais do camiño, flores, plantas que se poden empregar no mesmo e na adaina dos peregrinos.

Pero ademais, investigouse na presencia ou ausencia de cargas gandeiras relacionadas cos animais que rodean o camiño de Santiago, para elo empregouse o QGis, ferramenta informática ca cal o alumnado é capaz de realizar cálculos complexos e conseguir representar de xeito gráfico a variabilidade de animais que temos no concello de Mondoñedo.

Todo un mar de ideas que fixeron que o noso centro fose recoñecido pola súa labor docente e por riba de todo isto, o traballo ben realizado do alumnado, que sen eles non houbera sido posible a realización do proxecto.

Arte floral San Rosendo de Mondoñedo.

É unha Miniempresa adicada á organización de eventos e composicións florais. As últimas tendencias no sector floral, levan ao emprego de simulacións naturais, é dicir, emprego de materiais naturais relacionados co mundo forestal e agrario, emprego de musgos, liques,.. e a non empregar materiais tradicionais como son as esponxas florais, que son altamente contaminantes. Deste xeito, a miniempresa convértese e adáptase as novas tendencias florais, saíndo da rutina da floraría tradicional e sendo medioambietalmente sostible.

A situación que estamos a vivir, ademais de facernos pensar a sorte que temos de vivir, foi unha chamada de atención para que coidemos o planeta. É incrible os efectos que o confinamento tivo sobre a natureza e o que se reduciu a contaminación. Temos unha terra e unha vida, e temos que coidalas. Tamén todo isto trouxo á nosa rutina máscaras e luvas, e con eles, unha chea de lixo extra por iso parécenos un momento estupendo para falarvos da nova corrente entre floristas #NoFloralfoam que convida a deixar de usar a esponxa nos centros xa que os seus residuos son tamén moi difíciles de eliminar.

Outra parte importante do proxecto é a colaboración có CIFP Politécnico de Lugo, coa realización de diversas construcións con madeira de refugallo que serviu para a realización de diversas composicións con plantas. Pequenas caixiñas de madeira cos logos dos centros participantes, con suculentas e recheas de compost elaborado polo alumnado do IES da Terra Cha.



EMILIO
Comercial Agrícola
C/ Miguel de Cervantes, 61
Lugo, España
982 22 42 10
comercial@comercialagricolaemilio.es

CAFETERIA
Mª Pilar Fernández Díaz
Jacinto García Fernández
Avda. San Lucas, nº24
MONDOÑEDO

EDIXGAL
EDUCACIÓN DIXITAL

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
El FSE invierte en tu futuro

eTwinning

CUBIERTAS DE PIZARRA
OCURA
MOV. 646072777 - MONDOÑEDO

AUTOCARES EL RAPIDO
RIVAS RODRÍGUEZ, S. L.
Servicio Discrecional
Teléfono 982 507 400
Telf. Particular 982 521 782
Fax: 982 507 310
27740 MONDOÑEDO (L
rapido@mundo-r.com

LA LIBRERÍA
PRENSA - LIBROS DE TEXTO - PAPELERÍA
M.ª José Martínez Anello
Praza do Concello, 8 - Bajo
Telfs. 982 50 70 10
629 80 92 59 (móvil)
27740 MONDOÑEDO (Lugo)

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

MORÁN

COMERCIAL AGRÍCOLA Emilio, S. L.
MAQUINARIA FORESTAL Y GANADERA
Miguel de Cervantes, 61 al 65 (Esq. Ruiz de Alda) - Telf. 982 224210 - Fax 982 229007
Carret. Vegadeo - Pontevedra, Km. 75 - LA CAMPIÑA - Telf. 982 303005 - Fax 982 303938
27003 - LUGO

lindin.tic
informática & comunicaciones
lindin@lindin.es

proxecta

contratos programa

EAlfonso Montajes Eléctricos Alfonso, S.L.
INSTALACIONES ELÉCTRICAS - SISTEMAS CONTRA INCENDIOS
PORTEROS Y VIDEOPORTEROS - MANTENIMIENTOS INDUSTRIALES
SONIDO Y LUMINOTECNIA - HILO MUSICAL
CALEFACCIÓN TARIFA NOCTURNA- TELECOMUNICACIONES, VOZ Y DATOS
Leiras Pulpeiro, 12
Telfs.: 982 52 18 62 - 679 43 71 68 - Fax: 982 52 13 73
monelalfonso@monelalfonso.com 27740 MONDOÑEDO (Lugo)

INSTALACIONES Chove
José López Seco
Muiños de Arriba, 9 • Tels.: 982 507 237 - 669 702 061
27740 MONDOÑEDO (LUGO)

ALMACENES OTERO
MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN
PAVIMENTO Y ALICATADO - GRIFERÍA - LOZA SANITARIA - MOBILIARIO DE BAÑO
TUBERÍAS Y CANALONES - PINTURAS - FORJADOS - FERRETERÍA - ETC.
Leiras Pulpeiro, 1
Teléfono 982 52 19 06 (Comercio)
Fax 982 52 13 33 27740 MONDOÑEDO